

blicación da calificación final no taboleiro de anuncios do Concello, a seguinte documentación:

1. Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario. do servizo do Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais, nin de atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

2. Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin defecto físico que lle incapacite para o exercicio das súas tarefas.

OITAVA. IMPUGNACIÓNS E RECLAMACIÓNS

A presente convocatoria, as bases que a regulan e tódolos actos administrativos que se deriven destas, así como as actuacións do tribunal de valoración, poderán ser impugnados polos interesados na forma prevista legalmente na vixente Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

No non previsto nas presentes bases será de aplicación a lexislación básica estatal en materia de selección de personal e a lexislación autonómica de desenvolvemento da mesma.

Cotobade, 26 de abril de 2004.—O Alcalde, Manuel Loureiro Adán. 3648

Aprobado definitivamente o Regulamento de Honores e distincións deste Concello de Cotobade, unha vez que non se presentaron reclamacións durante o prazo de audiencia e información pública, publíquese o seu texto íntegro.

O Regulamento de Honores e Distincións que se transcribe a continuación, entrará en vigor unha vez publicado o texto íntegro no BOP e transcorrido o prazo establecido no artigo 70.2 da Lei 7/85 de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

REGULAMENTO ESPECIAL DE HONORES E DISTINCIONES

CAPÍTULO I OBXECTO

ARTIGO 1º.—O presente Regulamento ten por obxecto a regulación dos distintivos e nomeamentos honoríficos encamiñados a premiar especiais merecementos, cualidades e circunstancias singulares que concorran nos galardoados, persoas físicas ou xurídicas.

ARTIGO 2º.—Todas as distincións a que fai referencia este Regulamento ten carácter exclusivamente honorífico, sen que, por tanto, outorguen ningún dereito administrativo, nin de carácter económico.

ARTIGO 3º.—Ningún dispositivo honorífico, nin nomeamento poderá ser outorgado a persoas que

desempeñen altos cargos na Administración e respecto dos cales se atope a Corporación en relación subordinada de xerarquía, función o servizo e en tanto subsistan estes motivos.

CAPÍTULO II DOS NOMEAMENTOS

ARTIGO 4º.—O Pleno da Corporación poderá conferir os nomeamentos de:

- Fillo Predilecto.
- Fillo Adoptivo.
- Membro Honorario Da Corporación.

ARTIGO 5º.—Cos nomeamentos premiaranse méritos, cualidades, e circunstancias singulares que concorran nos galardoados.

ARTIGO 6º.—Os nomeamentos de membros honorarios da Corporación non outorgaran, en ningún caso, facultades para intervir no goberno ou Administración da Corporación, pero o Alcalde titular do Concello poderá encomendar funcións representativas.

CAPÍTULO III OUTRAS DISTINCIONES HONORÍFICAS

ARTICULO 7º.—O Pleno da Corporación poderá designar unha vía pública, complexo urbano, ou instalación municipal co nome dunha persoa vinculada á cidade, recoñecendo por elo especiais merecementos ou servizos extraordinarios.

CAPÍTULO IV DO PROCEDIMENTO

ARTIGO 8º.—Os distintivos e nomeamentos outorgaranse previo procedemento que iniciárase por Decreto da Alcaldía, ben por propia iniciativa ou a requirimento dunha terceira parte dos membros que integran a Corporación Municipal, ou respondendo a petición razoada de Entidades locais de recoñecido prestixio.

No Decreto de iniciación nomeárase o Instructor e Secretario que haxan de tramitalo, según o acordo previo da Comisión de Cultura reunida a tal efecto.

ARTIGO 9º.—O instructor do procedemento ordenará a práctica de cantas probas e actuacións conduzan a precisión dos méritos do proposto, facendo constar as dilixencias realizadas, tanto se favorecen como si prexudican a proposta inicial.

ARTIGO 10º.—Finalizadas as actuacións, para as que se fixan un prazo máximo dun mes, o Instructor formulará propostas de resolución remitindo o expediente con todo o actuado á Comisión Informativa de Cultura, para que previo dictame o remita ó Sr. Alcalde que, se fai seu o Dictame, someterá o procedemento ó Pleno da Corporación que necesitará o voto favorable das dúas terceiras partes do

numero de feito e, en todo caso, da maioría absoluta legal dos membros da Corporación, para a validez do acordo que, en sesión extraordinaria, adopte outorgando os distintivos ou nomeamentos.

ARTIGO 11º.—O Concello crea un Libro de Honor de Nomeamentos onde se irán inscribindo os outorgados.

ARTIGO 12º.—Os nomeamentos serán entregados no Salón de Sesións do Concello, coa asistencia do Pleno da Corporación e aquelas autoridades e representacións que se estimen pertinentes, atendidas as circunstancias de cada caso.

ARTIGO 13º.—Previo procedemento que se instruíra coas mesmas características e garantías que para o outorgamento do honor ou distinción, a corporación poderá revocar o acto de concesión a persoa galardoada se esta modifica tan profundamente a súa anterior conducta que os seus actos posteriores fano indigno de figurar entre os galardoados.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento, que consta de trece artigos e unha disposición final, entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello, e publicado o seu texto integramente no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o prazo previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Cotobade, 21 de abril de 2004.—O Alcalde, Manuel Loureiro Adán. 3649

* * *

VALGA

A N U N C I O

Formada e rendida a Conta Xeral desta Entidade Local correspondente ó exercicio contable 2003, unha vez sometida a informe da Comisión Especial Informativa de Contas, Economía, Facenda e Réxime Interior celebrada o día 26 de abril de 2004, expónse ó público por prazo de quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP de Pontevedra, durante os cales, e oito (8) máis, os posibles interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións á mesma que estimen oportunas, de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Valga, 27 de abril de 2004.—O Alcalde, José María Bello Maneiro. 3647

* * *

O PORRIÑO

Exposición pública do padrón do Imposto de Circulación de Vehículos do ano 2004

Tendo aprobado o Padrón do Imposto de Circulación de Vehículos do ano 2004 cun importe de setecentos once mil trescentos sesenta e seis euros con cincuenta e nove céntimos.

Por resolución desta Alcaldía de data 14 de abril do actual, expónse ó público neste Concello por un prazo de 15 días, contados a partires do seguinte ó desta publicación a efectos das posibles reclamacións.

Porriño, 14 de abril de 2004.—O Alcalde, Raúl Francés Rodríguez. 3261

A N U N C I O

1.—ENTIDADE ADXUDICATARIA

- a) Organismo: Concello do Porriño.
- b) Dependencia de tramitación do expediente: Secretaría.
- c) Número do expediente: III- 33 / 2002

2.—OBXETO DO CONTRATO

- a) Descripción do obxeto: Reforma y Modernización del Mercado Municipal.
- b) Data de publicación:
 - 1) Boletín Oficial da Provincia: nº. 166 de agosto do 2.003.
 - 2) Diario oficial de Galicia: nº. 165 de agosto do 2003.

3.—TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

- a) Tramitación: Urxente.
- b) Procedemento: Aberto.
- c) Forma: Concurso.

4.—PRESUPOSTO BASE DA LICITACIÓN

Importe 131.972,29 euros.

5.—ADXUDICACIÓN

- a) Data: 30 de setembro do 2.003.
- b) Contratista: Granitos Morgadanes, S.L.
- c) Nacionalidade: Español.
- d) Importe da adxudicación: 126.453,00 euros.
- e) Prazo do adxudicación: 1 mes.

Porriño, 14 de abril do 2004.—O Alcalde, Raúl Francés Rodríguez. 3548